

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14185 *ORDE APA/1818/2002, do 15 de xullo, pola que se regula o procedemento canalizado para o movemento de animais vivos de especies sensibles á lingua azul desde as zonas restrinxidas ó resto do territorio nacional. («BOE» 170, do 17-7-2002.)*

A Decisión 2001/783/CE, da Comisión, do 9 de novembro, relativa ás zonas de protección e de vixilancia en relación coa febre catarral ovina e ás normas aplicables ós traslados de animais nesas zonas e a partir delas, no seu artigo 2 prohibe, con carácter xeral, a expedición e tránsito de animais vivos de especies sensibles á enfermidade, os seus óvulos, seme e embríons, a partir dos territorios recollidos no seu anexo I.

Non obstante, nos artigos 3, 4 e 5 prevese a posibilidade de excepcións a esta norma xeral baixo certas condicións restrictivas previstas en cada caso nos ditos artigos. Neste sentido, no artigo 3 establécense os requisitos para todo tipo de movemento dos animais, incluído o intracomunitario, e no 5 os requisitos específicos para a autorización do movemento de animais con destino ó seu sacrificio inmediato, polo que non se precisa no dito caso de norma nacional de aplicación, mentres que no artigo 4 se prevé que, para a excepción relativa ó suposto de movemento de animais vivos dos que o destino non sexa o sacrificio inmediato, é preciso que o estado membro que faga uso da excepción estableza un procedemento canalizado que asegure que os ditos animais non poderán ser trasladados posteriormente a outro estado membro.

Estimándose necesario facer uso desa excepción, régulase o dito procedemento canalizado, co fin de asegurar que a expedición de animais vivos de especies sensibles á febre catarral ovina ou lingua azul desde as zonas restrinxidas do territorio español cara a outras rexións de España, baixo as condicións previstas no artigo 4 antes citado, se realice nas adecuadas condicións e impida todo traslado posterior a outro estado membro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores implicados.

Esta orde dítase ó abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da dita norma.

Na súa virtude, logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer o procedemento canalizado previsto no artigo 4 da Decisión 2001/783/CE, da Comisión, do 9 de novembro, relativa ás zonas de protección e de vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as normas aplicables ós traslados de animais nesas zonas e a partir delas, para:

a) Permitir excepcionalmente a expedición de animais vivos de especies sensibles á febre catarral ovina

ou lingua azul desde as zonas restrinxidas do territorio nacional cara a outras rexións de España.

b) Impedir que os animais obxecto de movemento conforme o disposto na letra a) sexan trasladados posteriormente a outro estado membro.

Este procedemento realizarase baixo o control das autoridades competentes de orixe e de destino.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.

b) Zonas restrinxidas: a parte do territorio nacional incluído no anexo I da Decisión 2001/783/CE.

c) Especies sensibles: as definidas na letra b) do artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

d) Animais: os definidos na letra c) do artigo 2 do citado Real decreto 1228/2001.

e) Programa de vixilancia de vectores: programa de vixilancia entomolóxica en zonas libres de lingua azul para a detección do vector e, se é o caso, o coñecemento das épocas de maior risco de difusión da enfermidade.

Artigo 3. *Requisitos.*

As autoridades competentes poderán autorizar o traslado de animais vivos de especies sensibles, desde as zonas restrinxidas cara ó resto das rexións de España, cando o seu destino non sexa o seu sacrificio inmediato e se cumpran as seguintes condicións:

a) Que na comunidade autónoma de orixe se aplique, nunha zona importante desde o punto de vista epidemiolóxico, un programa de vixilancia e de control que demostrase a fin da transmisión do virus da febre catarral ovina ou da actividade de culicoides adultos.

b) Que na comunidade autónoma de destino se aplique, nunha zona importante desde o punto de vista epidemiolóxico, un programa de vixilancia de vectores que demostrase a fin da actividade de culicoides adultos.

c) No caso de que os animais transiten, para chegaren ó seu destino, por unha comunidade autónoma distinta daquela onde se encontra o seu destino final, que na comunidade de tránsito se aplique, nunha zona importante desde o punto de vista epidemiolóxico, un programa de vixilancia de vectores, que demostrase a fin da actividade de culicoides adultos.

Artigo 4. *Procedemento canalizado.*

1. Para os efectos da autorización prevista no artigo anterior, o procedemento canalizado ó que se refire o segundo parágrafo do artigo 4 da Decisión 2001/783/CE será o seguinte:

a) A autoridade competente da zona restrinxida comunicarlle á autoridade competente da de destino, cunha antelación mínima de vinte e catro horas, o traslado dos animais, con indicación do lugar, explotación ou instalacións a que se dirixen, do número e especies de animais, así como da súa identificación cando esta sexa obrigatoria en función da especie de que se trate.

b) No suposto de que os animais deban transitar, para chegaren ó seu destino, polo territorio dalgunha

d) comunidade autónoma distinta daquela na que se encontra o destino final, dirixiráselle unha comunicación idéntica á prevista no punto anterior á autoridade competente da comunidade de tránsito.

c) A autoridade competente do lugar de destino adoptará as medidas precisas que permitan impedir que os animais sexan trasladados posteriormente a outro estado membro.

d) No documento de identificación do gando bovino (DIB), regulado no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, consignarase expresamente que os animais non poderán ser trasladados a outro estado membro.

2. No suposto de que os animais trasladados desde unha zona restrinxida a outra rexión de España fosen trasladados con posterioridade a outra comunidade autónoma, a autoridade competente da comunidade de orixe comunicaralle á de destino que tales animais non poden ser trasladados a outro estado membro, de conformidade co disposto no artigo 4 da Decisión da Comisión 2001/783/CE. A autoridade competente da comunidade autónoma de destino adoptará as medidas precisas que garantan que non se producirá o dito traslado posterior a outro estado membro.

3. Aqueles animais que fosen trasladados desde unha zona restrinxida a outra rexión de España, só poderán ser trasladados posteriormente a outra comunidade autónoma se:

Foron sometidos a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa, con resultados negativos, efectuada con mostras de sangue tomadas en dúas ocasións, cun intervalo non inferior a sete días entre cada proba, procedéndose á primeira proba alomenos sete días despois da chegada dos animais á comunidade autónoma desde a que se pretende o traslado posterior a outra comunidade.

Ou se na comunidade de destino se aplica, nunha zona importante desde o punto de vista epidemiolóxico, un programa de vixilancia de vectores que demostrase a fin da actividade de culicoides adultos.

Artigo 5. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto nesta orde sancionase de acordo co disposto no Regulamento de epizootias, aprobado mediante decreto do 4 de febreiro de 1955, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en materia de traslado, desprazamento, transporte e movemento pecuario dentro do territorio nacional, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís, ou doutra orde que diso se puidesen derivar.

Disposición adicional única. *Desinsectación.*

Será de aplicación ós medios utilizados para o transporte dos animais a que se refire esta orde o disposto na Orde do 8 de xuño de 2001 pola que se establecen medidas específicas de prevención en relación coa febre catarral ovina ou lingua azul.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de xullo de 2002.

ARIAS CAÑETE

14588 *ORDE APA/1857/2002, do 18 de xullo, pola que se derrogan determinadas disposicións relativas á peste porcina clásica. («BOE» 173, do 20-7-2002.)*

Ante a aparición de focos de peste porcina clásica na Comunidade Autónoma de Cataluña, dictouse a orde do 5 de decembro de 2001 pola que se establecen medidas cautelares en relación coa sospeita de peste porcina clásica en Cataluña, posteriormente modificada pola Orde APA/91/2002, do 24 de xaneiro, e pola Orde APA/911/2002, do 24 de abril.

Á luz da evolución da enfermidade, a Comisión, mediante a Decisión 2001/925/CE, do 20 de decembro, permitiu o movemento de animais da especie porcina dentro das zonas afectadas, sempre que se cumprisen unha serie de condicións, as cales se regularon mediante a Orde do 21 de decembro de 2001.

Finalmente, a Orde APA/1172/2002, do 24 de maio, estableceu os corredores para o envío de animais da especie porcina destinados a sacrificio nos matadoiros autorizados mediante a Decisión 2002/33/CE.

Á vista da erradicación da enfermidade, tendo en conta que as medidas adoptadas pola Comisión mediante a Decisión 2001/925/CE, do 20 de decembro; a Decisión 2002/33/CE, do 14 de xaneiro, e a Decisión 2002/209/CE, do 11 de marzo, finalizaron o 30 de xuño de 2002, de acordo co disposto na Decisión 2002/382/CE, do 23 de maio, e tendo acordado a Comisión non as prorrogar ante a constatación da desaparición da enfermidade, procede derroga-las mencionadas ordes.

A presente orde dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que se atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Derrogación de determinadas disposicións relativas á peste porcina clásica e réxime aplicable.*

1. Quedan derogadas a Orde do 5 de decembro de 2001 pola que se establecen medidas cautelares en relación coa sospeita de peste porcina clásica en Cataluña, a Orde do 21 de decembro de 2001 pola que se establecen os requisitos para o movemento de animais da especie porcina dentro das zonas sometidas a restriccións pola peste porcina clásica en España, e a Orde APA/1172/2002, do 24 de maio, pola que se establecen os corredores para o envío de animais da especie porcina destinados a sacrificio nos matadoiros autorizados mediante a Decisión 2002/33/CE.

2. O movemento de animais da especie porcina rexerese polo establecido na Decisión da Comisión 2001/925/CE, do 20 de decembro, relativa a determinadas medidas de protección contra a peste porcina